



UNIVERSIDADE
DE VIGO

ASISTENTES

Alonso Prieto, Elena
Andrés Iglesias, Jesús de
Araújo Fernández, María
Báez Montero, Inmaculada
Baltrusch, Burghard
Barro Guizán, Óscar
Blanco Sierra, Javier
Blas Varela, M^a Esther de
Bueno Alonso, Jorge L.
Carballo González, M^a de los Ángeles
Cid Fernández, Xosé Manuel
Collazo Fernández, Antonio
Comesaña Benavides, José Antonio
Comesaña Piñeiro, Rafael
Costa González, Alicia
Couto Cancela, Daniel
Cruz Freire, José Manuel
Cuiñas Gómez, Iñigo
Dominguez Araújo, Lara
Dominguez Blanco, Santiago
Dopico Castro, Marcos
Eguía Oller, Pablo
Estévez Orge, Marcos
Expósito González, Benedicta
Falagán Mota, Jorge
Fenollera Bolívar, M^a Inmaculada
Fernández Arias, Mónica
Fernández Fernández, Federico A.
Fernández Fustes, M^a Dolores
Fernández Rey, Aser Ángel
Fernández Suárez, Emilio Manuel
Ferreiro Vázquez, Óscar
Ferro Soto, Carlos Antonio
Fraiz Brea, José Antonio
Gallardo Medina, Mercedes
Gándara Pérez, José Antonio
García González, Silvia
García Mateo, Carmen
Garrido Campos, Julio
González Hernández, Margarita
González Santamaría, Pedro
González Varela, Luis
Iglesias Blanco, Raúl
Isorna Folgar, Manuel
Lameiro Diéguez, M^a de los Remedios
López Lago, Marcos
López Rubianes, Lucrecia M^a
López Sánchez, Oscar
Lorenzo Rodríguez, M^a Edita de
Martín Moreno, José M.
Martínez Gómez, Alejandro
Mascuñan Tolon, Patricia Silvia
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Míguez Miramontes, Jesús Manuel
Mojón Ojea, Artemio
Nombela Castaño, Miguel Ángel
Novas Míguez, Javier
Oca Cancela, Guillermo de
Ovejero Campos, Aida
Padilha Gómez, Iago
Pardo Froján, Juan E.
Patiño Vilas, David
Paz López, José
Peña Gallego, M^a de los Angeles
Pérez Juste, Ignacio
Pérez Paz, María Flor
Porteiro Fresco, Jacobo
Ramos Cabrer, Manuel
Reboreda Morillo, Susana
Reigosa Roger, Manuel J.
Ríos Santomé, María José
Rivas Conde, Filemón
Rubio Armesto, M^a Belén
Santalla del Río, M^a Verónica

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo do día **15 de outubro de dous mil dezanove**, convocada para as 9.30 h en primeira convocatoria e ás 10.00h en segunda, no Paraninfo do Edificio Ernestina Otero, Campus Universitario - Vigo.

Acadado o quórum necesario ás 10:12 h, dá comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar a seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 10 de xullo de 2019.
2. Informe do Sr. reitor.
3. Aprobación, se procede, do Regulamento Electoral Xeral da Universidade de Vigo.
4. Aprobación, se procede, do Regulamento de Réxime Interno do Claustro.
5. Elección do/a Valedor/a Universitario/a.
6. Elección de membros adicionais do Comité de Dirección para a elaboración do plan estratéxico da Universidade de Vigo: Sector PDI-A, 3 vacantes; Sector PAS, 1 vacante.
7. Aprobación se procede da creación das comisións do plan estratéxico.
8. Constitución, se procede, das comisións do plan estratéxico.
9. Elección de membros do C.G. polo sector Decano/as e Directores/as: 1 vacante.
10. Elección dos membros da comisión de traballo para a definición dos procesos de xestión: comisión de investigación, 4 vacantes a cubrir entre directores de grupos de investigación (1 por ámbito).
11. Elección de membros do Consello de Campus de Ourense: Sector alumnado, 2 vacantes.
12. Quenda de intervencións.

Siota Álvarez, Mónica
Souto García, Raquel M.
Teixeira Bautista, Marta
Teira González, Eva
Torres Outón, Sara Mª
Vázquez Otero, Mª Elsa
Velasco Graña, Mª Rita
Vera Isasa, María
Zas Varela, Mónica

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Álvarez Moreira, José Ángel
Alverte Pivida, Rodrigo
Area Carracedo, Iván Carlos
Barreiro Rodríguez-Moldes, Mª Covadonga
Boutinguiza Larosi, Mohamed
Bouza Rodríguez, J. Benito
Cancho Grande, Beatriz
Corbacho Valencia, Juan Manuel
Costa Montenegro, Enrique
Díaz Casaleiro, Tomás
Diéguez Castrillón, Mª Isabel
Domínguez Domínguez, Rubén
Fernández Riverola, Florentino
Fornoso Vázquez, David Elisardo
Godoy Malvar, Eduardo
Gómez Fariñas, Beatriz
Gómez Rodríguez, Alma Mª
González Almón, Yasmina
González González, Alfredo
González López, Raquel
Iglesias Briones, María Jesús
Llamas Nistal, Martín
López Periago, José Eugenio
Morán Martínez, Mª Paloma
Moure Rodríguez, María José
Pérez Cota, Manuel
Rivas Ferreiro, Mauro
Rivo López, Elena
Rodríguez de la Fuente, Marta
Sotelo Dios, Patricia
Vaquero García, Alberto
Vila Alonso, Mª de las Mercedes

O Sr. reitor informa que o proceso electoral pode comezar desde o inicio da sesión do Claustro, de modo que os claustrais poidan proceder a depositar o seu voto durante toda a sesión.

Cada claustral deberá depositar o seu voto na urna correspondente ao seu sector e deberá acreditar a súa identidade coa tarxeta universitaria, DNI, ou calquera outro documento acreditativo da mesma.

Informa que se adianta o punto relativo á elección da Valedora Universitaria.

No sorteo da letra saíu a letra A. Informa o Sr. reitor dos membros do claustro do sector estudantes que perderon a súa condición de claustral e menciona aos novos membros.

O Sr. reitor fai unha semblanza da candidata única ao posto de Valedora Universitaria, a catedrática de Dereito Procesual Dª. Esther María Pillado González. Intervén asemade D. Emilio Fernández e ambos apoian a candidatura.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 10 de xullo de 2019.

O Sr. reitor informa de que non se recibiron emendas ao texto da acta.

Apróbase por asentimento.

2. Informe do Sr. reitor.

O Sr. reitor informa sobre os seguintes asuntos:

- Acordo de desadscripción con IESIDE: tentárase chegar a un acordo sobre este asunto. Informa sobre o anteproxecto de lei de recoñecemento da Universidade privada. Presentáronse alegacións por parte das tres universidades do SUG. A Universidade de Vigo consensuou as súas coas da Universidade da Coruña.
- Informa sobre as subidas que esixe o EPIF: O servizo xa fixo o estudo correspondente e producírase unha actualización dos haberes das persoas en esta situación, a pesar do recurso presentado ante o xulgado, para que as pague o goberno.
- Peche da Universidade en agosto: expón unha serie de diapositivas sobre o aforro que supuxo. Conclúe que non se produciron incidencias reseñables e que a experiencia foi positiva. Manterase e alongarase para o ano que ven.

- Sinatura electrónica de actas: hai problemas de retraso na entrega de actas e non todos os centros fan uso da sinatura electrónica. Preténdese simplificar o procedemento. Serán os coordinadores da materia os que asinen (ou o secretario do centro, no seu defecto). Espérase enviar pronto unha instrución ao respecto.
- Servizo de reprografía: expón a situación na que quedou o servizo cando a empresa concesionaria o deixou abandonado. Ata que o novo servizo se licite, alugáronse máquinas de autoservizo para os centros e fíxose unha formación para o alumnado e o profesorado. Pide comprensión ata que se solucione definitivamente o problema. A licitación da nova concesionaria está pendente de preparación do complexo prego de condicións. Finaliza expoñendo a situación a 11 de outubro.
- Proposta da plataforma pro Campus de Ourense, que solicita unha universidade independente.
- Reunión co alcalde de Pontevedra para facer unha zona peonil no Campus da Xunqueira e instalar un skate park.
- Informa sobre as actuacións en enerxías renovables na Universidade de Vigo, para conseguir aforro e mellorar a nosa aposta ecolóxica. No 2020 haberá actuacións de fotovoltaica (Campus Vigo), xeotermia (Campus Ourense) e biomasa (Campus Pontevedra), así como diferentes actuacións de eficiencia. Algunhas actuacións prolongaranse ata o 2021.
- Ampliación do prazo para avaliación de sexenios de transferencia.
- Campus de especialización: Auga (Ourense), Crea (Pontevedra) e Vigo Tecnolóxico (Vigo). Estase a traballar nunha solicitude de financiamento da Xunta de Galicia (da que está excluída o Campus do Mar, xa que é de excelencia internacional).
- Acordo sobre titulacións, do 31 de xullo: explica a xénese do acordo e as novidades que supón para a Universidade de Vigo: dobre grao en Mecatrónica en Vigo (unión dos graos en Mecánica y Electrónica Industrial e Automática); novo grao dual en Automoción (primeiro grao dual que se implantará en Galicia); grao en Relacións Internacionais no Campus de Ourense (compartido con Ferrol e tal vez con Lugo), que terá sinerxias con outras titulacións. Asemade, fala dos resultados do acordo sobre as titulacións en perigo: Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios (que se mantén mentres non haxa outra que a substitúa, o que supón un logro importante). Conseguiuse non perder tantas prazas no grao en Belas Artes pola implantación do grao en Deseño e Creación. Pensa que o acordo é satisfactorio para a Universidade de Vigo e para os estudantes galegos en xeral. Felicítase por ter acadado este acordo. Subliña que as outras universidades galegas sumáronse con entusiasmo. Agradece ás Universidades e a Consellería. Agradece ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado a súa actuación ante a Consellería.
- Datos de matrícula de grao e máster: a pesar do descenso de natalidade, as taxas de matrícula medraron nas tres universidades do SUG. Na Universidade de Vigo en xeral superamos o 100% de media. Expón a situación por Campus. No Campus de Ourense (98.13%) felicita o esforzo da Facultade de Historia e indica os problemas de certas titulacións, como Enxeñaría Agraria, aínda que o acordo do 31 de xullo salvou de momento a súa permanencia. Expón o caso de Ciencias Empresariais e Turismo. En relación co Campus de Pontevedra (102.65%), fala do grao en Xestión e Administración Pública, que incrementou a súa demanda e felicita ao equipo decanal polo éxito. No Campus de Vigo o resultado é de 102.84%. Conclúe cos datos de matrícula provisoria dos másteres. O doutoramento vai en cifras similares.

3. Aprobación, se procede, do Regulamento Electoral Xeral da Universidade de Vigo.

O Sr. secretario xeral informa sobre os aspectos máis salientables do texto correspondente ao Regulamento Electoral Xeral, que foi achegado co resto da documentación. Apúntase un erro na referencia das táboas do anexo, que deben remitir ao artigo 54 e non ao artigo 52.

Apróbase por asentimento, coa corrección apuntada.

4. Aprobación, se procede, do Regulamento de Réxime Interno do Claustro.

O Sr. secretario xeral informa dun erro no documento achegado coa convocatoria, ao tratarse dunha versión anterior. Pide desculpas polo erro e comenta que debe simplemente retirarse o artigo 15. O artigo 16 pasa a ser o 15 e o 17 para a ser o 16. Cámbiase o texto do artigo 4.2.g) por “perderase a condición de claustral por incumprimento reiterado das obrigas inherentes ao cargo”.

Apróbase por asentimento, coas correccións apuntadas.

5. Elección do/a Valedor/a Universitario/a.

O Sr. reitor informa de que se presentou a seguinte candidatura: Pillado González, Esther María. De acordo co artigo 58 dos Estatutos será elixida a candidatura que obteña o voto favorable da maioría absoluta dos membros do Claustro. Se ninguén obtén esa maioría na primeira volta, repetirase a votación entre as dúas persoas máis votadas, e elixirase a candidatura que obteña dúas terceiras partes de votos favorables dos membros presentes. O número total de membros do Claustro é: 193. A maioría absoluta é: 97

Logo da votación, o recuento é o seguinte:

Votos a favor: 73

Votos en contra: 0

Votos en branco: 2

Non acadada a maioría esixida polos Estatutos, procédese a unha nova votación, co seguinte resultado:

Votos a favor: 63

Votos en contra: 0

Votos en branco: 1

Queda elixida como Valedora Universitaria D^a. Esther María Pillado González.

6. Elección de membros adicionais do Comité de Dirección para a elaboración do plan estratéxico da Universidade de Vigo: Sector PDI-A, 3 vacantes; Sector PAS, 1 vacante.

O Sr. reitor informa de que se presentaron as seguintes candidaturas:

Polo sector PDI-A

Joaquín Baltasar Collazo Rodríguez

José Luís González Cespón

Jacobo Porteiro Fresco

Polo sector PAS:

José Miguel Dorribo Rivera.

Presentou a súa candidatura fóra de prazo polo sector PDI-A. D. Alberto Vaquero García.

A persoa que presentou a súa candidatura fóra de prazo a poderá reiterar no próximo claustro se se amplían as prazas da comisión.

Dado que hai o mesmo número de candidaturas que postos a cubrir non procede realizar eleccións. Os candidatos pasan a ser electos.

7. Aprobación se procede da creación das comisións do plan estratéxico.

O Sr. reitor cede a palabra ao Sr. Jacobo Porteiro, que fai unha exposición sobre a metodoloxía de traballo que se seguirá para o deseño do plan, así como a súa misión e visión. Fala das propostas de diferentes comisións así como as súas tarefas. A documentación foi enviada aos membros do Claustro.

Apróbanse as comisións propostas.

8. Constitución, se procede, das comisións do plan estratéxico.

O Sr. reitor expón a primeira comisión:

- organización académica, titulacións e internacionalización (27 membros).
 - 4 membros do equipo de goberno: vicerreitor de Ordenación Académicas e Profesorado, vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria, vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación e comisionado de Novos Proxectos.
 - 4 Directores de centro (1 por ámbito): Burghard Baltrusch, Mercedes Gallardo e Susana Reboreda.
 - 5 PDI
 - 5 PDI
 - 5 estudantes: Daniel Couto Cancela.
 - 2 membros do Consello Social, e
 - 2 Axentes Sociais.
- A segunda comisión é investigación, transferencia e cooperación internacional (32 membros).
 - 4 membros do equipo de goberno: vicerreitora de Investigación, vicerreitora de Transferencia, vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación e comisionada de Coordinación Institucional.
 - 4 Directores de centros e agrupamentos
 - 5 Coordinadores de grupos de investigación
 - 5 PDI
 - 5 PAS
 - 5 Estudantes: Mónica Fernández Arias, Luis González Varela, Óscar Barro Izar.
 - 2 Membros do Consello Social, e
 - 2 Axentes sociais.
- A terceira comisión é infraestruturas, xestión, relación co entorno e sostibilidade (37 membros).
 - 8 membros do equipo de goberno: xerente, secretario xeral, vicerreitor de Planificación e Sostibilidade, vicerreitor de Economía, vicerreitora do Campus de Ourense, vicerreitor do Campus de Pontevedra, vicerreitora de Comunicación e Relacións Institucionais, comisionada de Coordinación Institucional.
 - 4 Directores/as de centro e departamentos.
 - 4 Administradores/as de ámbito.
 - 5 PDI

- 5 PAS
- 5 Alumnos: Iago Padilla Gómez, Santiago Domínguez Blanco
- 2 Membros do Consello Social e,
- 2 Axentes sociais.

9. Elección de membros do C.G. polo sector Decano/as e Directores/as: 1 vacante.

Non se presentaron candidaturas.

10. Elección dos membros da comisión de traballo para a definición dos procesos de xestión: comisión de investigación, 4 vacantes a cubrir entre directores de grupos de investigación (1 por ámbito).

Non se presentaron candidaturas.

11. Elección de membros do Consello de Campus de Ourense: Sector alumnado, 2 vacantes.

Non se presentaron candidaturas.

12. Elección de membros do Consello de Campus de Pontevedra: Sector estudantes, 5 vacantes.

Non se presentaron candidaturas.

13. Quenda de intervencións.

Comeza a Sra. Lara Domínguez Araújo cunha pregunta sobre o prego de condicións de reprografía e o respecto aos postos de traballo que estaban alí. O Sr. reitor entende que figurarán no prego as condicións do persoal actual, e tentaríamos de subrogalos.

O Sr. Fraiz Brea pregunta polo acordo acadado sobre as titulacións. Pregunta se as propostas que foron feitas estaban baseadas nalgún informe técnico, e fai referencia a que a titulación de Turismo perdeu a súa exclusividade, tanto de cara á UDC como á USC. Pregunta se se valorou a posible repercusión no Campus de Ourense, que non é un campus central e ten que competir co Campus de Santiago e de Coruña. Pregunta pola titulación de Relacións Internacionais e se había un documento para a mesma e como se impartirá en tres campus non centrais e cal vai ser o centro ao que se vai adscribir. O Sr. reitor comenta que a titulación de A Coruña ten que ser adscrita á Universidade da Coruña porque así o pediron fai tempo, e que depende da desascripción do centro privado que a imparte. Trátase dun imperativo legal. Pero é optimista de cara á titulación de Turismo. A titulación de Gastronomía lévase impartindo moitos anos e foi cousa da Xunta que a dita universidade o adscriba. Haberá que ver cal é o plan de estudos. En canto á titulación de Relacións Internacionais non foi a inicialmente solicitada polo equipo. Comezarase a traballar cunha comisión conxunta por parte da UDC e a UVigo. Hai xa unha experiencia cunha titulación de grao conxunta no SUG. Nos apostaremos por medidas que permitan arraigar profesorado e alumnado no Campus de Ourense e estamos pendentes das directrices da Xunta de Galicia. Haberá que establecer sinerxias entre todas as titulacións implicadas. Nunca se traballou con enquisas ou estudos previos neste eido no momento de negociar as titulacións, faranse cara á súa implantación. Remata o Sr. reitor cunha reflexión cara ao futuro das titulacións.

D. Federico Fernández pregunta sobre o prego de condicións de reprografía, en particular en relación coa situación do Campus de Pontevedra e Torrecedeira, e reclama que a solución excepcional non se converta en normal. Pregunta, asemade, polos orzamentos e reclama que se reflectan as promesas electorais en partidas concretas. Tamén comenta sobre a negociación da RPT e reclama que todos os técnicos de laboratorio teñan recoñecido o dereito á promoción profesional. Finaliza dicindo que una persoa de cada

ámbito debería figurar nas comisións do plan estratéxico e recomenda que desde Secretaría Xeral se advirta que quedan vacantes prazas no mesmo. O Sr. reitor comenta que a solución da reprografía é provisional e que estase a traballar no prego de contratación. En canto aos orzamentos comenta que se están a negociar, xa e que a semana que ven coñeceremos a cifra da subvención da Xunta de Galicia. Comenta tamén que estase a negociar a RPT e parécelle ben a proposta relativa ás comisións do plan estratéxico.

D. Luis González comenta as dificultades dos estudantes para simultanear varias titulacións. Sorpréndelle a oferta de graos dobres ante a dificultade apuntada e pensa que debería ser ao revés: promocionar a mobilidade fronte aos graos dobres. O Sr. reitor fala de que as titulacións son competencia mais ben dos centros. Comenta que os dobres graos atraen máis talento en principio, o que é un valor engadido para a nosa universidade e, polo tanto, unha aposta valiosa. Lamenta o peche do dobre grao ADE-Informática do Campus de Ourense, aínda que ve lóxica a decisión da Xunta de Galicia, malia que non descarta recuperalo. Alude tamén ao dobre grao en Enxeñaría Mecánica e Electrónica/automática.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:25 h do día 15 de outubro de 2019, da que eu como secretario xeral dou fe, co vº. e praxe do reitor.

O reitor

O secretario xeral